

**OS NEOFALANTES GALEGOS
NO CONTEXTO EUROPEO:
A PRODUCCIÓN E A
PERCEPCIÓN DA FALA**

Gisela Tomé Lourido

Bronwen G. Evans

University College London

1. INTRODUCCIÓN

Desde comezos deste século, o estudo dos neofalantes de linguas minoritarias europeas gañou popularidade no eido da sociolingüística. Neste contexto, propúxose a seguinte definición para os caracterizar: «individuals with little or no home or community exposure to a minority language but who instead acquire it through immersion or bilingual educational programs, revitalization projects or as adult language learners» (O'Rourke / Pujolar / Ramallo 2015: 1). Esta definición abrangue unha gran proporción dos neofalantes de linguas minoritarias, mais hai algúns casos de falantes que si teñen exposición temperá á lingua minoritaria a través da comunidade ou da familia. O que si teñen en común nestas comunidades europeas todos os neofalantes é que son inicialmente falantes da lingua maioritaria e deciden utilizar, en maior ou menor medida, a lingua minoritaria. Estes falantes foron documentados en diversas comunidades lingüísticas: Irlanda (O'Rourke / Ramallo 2010, Walsh / O'Rourke 2014, O'Rourke / Walsh 2015), Gales (Robert 2009), Escocia (McLeod / O'Rourke / Dunmore 2014, McLeod / O'Rourke 2015, Nance 2015), Illa de Man (Ó hÍfearnáin 2015), Provenza (Costa 2015), Bretaña (Hornsby 2005, 2009a, 2009b, 2015; Timm 2010), Córsega (Jaffe 2015), Galicia (Ramallo 2012, 2013; O'Rourke / Ramallo 2010, 2013a, 2013b, 2015; Ramallo / O'Rourke 2014; Tomé Lourido / Evans 2015), Cataluña (Woolard 2011, Pujolar / Puigdevall 2015) e Euskadi (Ortega *et al.* 2014, 2015).

Os neofalantes non adoitan constituír grupos homoxéneos dentro da súa comunidade; ao contrario, son grupos caracterizados pola diversidade e a complexidade. As características destes grupos tamén varían dependendo da comunidade á que pertencen. Algunhas das dimensións que poden variar tanto a nivel individual como de comunidade son, por exemplo, a idade de aprendizaxe da lingua maioritaria e minoritaria (infancia, idade adulta) e a forma de adquisición destas

linguas (fogar, escola, ambiente, programas de inmersión lingüística), as prácticas lingüísticas (proporción de uso da lingua e contextos de uso), como son avaliados pola comunidade lingüística e como eles mesmos se avalían con respecto ao resto da comunidade. O termo «neofalante» tampouco ten exactamente os mesmos usos en todas as comunidades de linguas minoritarias; nalgúns casos é unha etiqueta analítica utilizada por académicos e planificadores lingüísticos; e noutros, unha etiqueta social utilizada no discurso público coa que os propios neofalantes se poden identificar e que o resto da comunidade lingüística tamén coñece. De ser así, as connotacións deste termo tamén poden variar e, ás veces, adquiren un significado pexorativo, mais non necesariamente. Cabe destacar que este termo non fai referencia á competencia lingüística dos falantes (nin na lingua maioritaria nin na minoritaria), senón exclusivamente á súa experiencia lingüística, é dicir, á orde e á forma na que adquiriron as dúas linguas.

Os estudos recentes sobre os neofalantes centráronse en identificar e examinar semellanzas e diferenzas entre perfís de neofalantes e prácticas lingüísticas nas distintas comunidades de linguas minoritarias en Europa, pero tamén investigaron cuestións relacionadas coa revitalización e planificación lingüística e coas actitudes lingüísticas (O'Rourke / Pujolar / Ramallo 2015). Ademais destas cuestións, os neofalantes suscitan outra serie de preguntas fundamentais nas áreas das ciencias da fala e da sociofonética, por exemplo, como os falantes utilizan a linguaxe, en particular o acento¹, para construír a súa identidade e como os oíntes utilizan esta información cando perciben a fala. Alén disto, entender como os neofalantes producen e perciben as súas linguas novas e as existentes ten o potencial de ofrecer unha perspectiva innovadora no estudo de temas centrais na área de aprendizaxe de linguas, tales como se existe flexibilidade para aprender novos sons na idade adulta ou se é posible mudar as representacións cognitivas dos sons no transcurso da vida.

Este artigo ten como obxectivo examinar o fenómeno dos neofalantes galegos no contexto dos neofalantes doutras comunidades de linguas minoritarias en Europa; en particular desde a perspectiva da produción e a percepción da fala. O artigo está dividido en dúas partes. A primeira sección considera as semellan-

¹ Neste artigo utilizaremos o termo “accento” para referirnos á maneira de pronuncia determinada que ten un individuo ou grupo de individuos. Inclúe trazos segmentais (os distintos sons) e suprasegmentais (ritmo e entoación).

zas e diferenzas destes falantes canto á adquisición e ao uso da lingua minoritaria nas distintas comunidades para despois centrarse no concepto dos neofalantes galegos. A segunda sección revisa os estudos de fonética e fonoloxía sobre as variedades (ou acentos) dos neofalantes realizados ata o momento, facendo especial fincapé nas variedades dos neofalantes galegos. Deste xeito, preténdese entender se os neofalantes mudan ou poden mudar aspectos da percepción ou produción da súa lingua minoritaria.

2. NEOFALANTES EN EUROPA

2.1. Adquisición e uso da lingua minoritaria

Tanto a idade á que os neofalantes adquiren a lingua minoritaria como a exposición á lingua durante a súa infancia (na familia ou na comunidade) varían amplamente. Este é un aspecto chave nos estudos de aprendizaxe de linguas, xa que canto antes se aprende unha segunda lingua (L2), máis posibilidades ten o aprendiz de adquirir o sistema fonolóxico completo da dita lingua (Flege 1995, Flege / Munro / Mackay 1995, Iverson *et al.* 2003). Así pois, os falantes que aprenden a L2 máis tarde no seu desenvolvemento da linguaxe presentan dificultades ao adquirir os novos sons da L2 (Flege / Schirru / MacKay 2003, MacKay *et al.* 2001). Por tanto, para os traballos de produción e percepción da fala, é esencial entender se os neofalantes adquiren a lingua minoritaria na infancia ou como adultos e se foron expostos á lingua cando eran nenos.

Unha gran parte dos neofalantes aprenden a lingua minoritaria como segunda lingua (L2) nas clases de idiomas ou en programas de revitalización. Este é o caso dos neofalantes de corso, persoas adultas que de maneira activa deciden aprender o idioma. Jaffe (2015) sinala que esta aprendizaxe ten lugar a través de clases de lingua, en distintos contextos educativos: clases semanais ou programas de planificación lingüística puntuais como «fins de semana de inmersión». A historia lingüística dos neofalantes de corso é moi diversa: algúns deles non entraron en contacto coa lingua ata que se mudaron á illa xa de adultos, mais outros viviron en Córsega a maior parte das súas vidas e algún deles incluso tivo exposición temperá ao corso no fogar. O uso do corso por parte destes falantes en distintos contextos (na casa, na escola, nas clases de lingua etc.) varía moito dun individuo

a outro. Un caso similar é o dos neofalantes de manx, unha lingua celta falada na Illa de Man pola comunidade lingüística europea máis pequena. Nesta comunidade xa non existen falantes tradicionais de manx, mais a lingua foi transmitida a neofalantes sen chegar a desaparecer. Ó hIfearnáin (2015) estimou que en 2010 habería sobre cen persoas que falan a lingua con fluidez na comunidade de fala manesa, o dobre que o documentado en 2003. Este autor indica que os neofalantes son aprendices adultos de manx e entre eles inclúense profesores e activistas que, nalgúns casos, educan os seus fillos neste idioma. As novas xeracións teñen a oportunidade de aprender manx no ámbito escolar, xa que desde o 2001 existe unha escola de ensino primario de inmersión lingüística (*Manx-medium school*).

Os sistemas educativos de inmersión lingüística xogaron un papel fundamental na revitalización das linguas minoritarias europeas. Quizais os casos máis coñecidos sexan as *Gaelscoileanna* en Irlanda e as *Ikastolas* en Euskal Herria (a rexión histórica do País Vasco), mais tamén existen escolas de inmersión lingüística en Gales, Escocia, na Bretaña francesa e na Provenza. Costa (2015) investigou un grupo de neofalantes de occitano nunha escola de inmersión no norte da Provenza. Nesta escola, que segue o modelo doutros programas semellantes, o occitano é a lingua de instrución ata os sete anos. A partir desta idade, os alumnos aprenden francés durante corenta e cinco minutos ao día e non o poden usar no resto das clases. Porén, aínda que os alumnos consideraban o occitano a súa lingua, non a usaban como lingua de interacción cos compañeiros nin na casa e o seu uso restrinxíase ao contexto das clases de lingua. Na cidade onde se localiza esta escola, os falantes tradicionais son poucos ou inexistentes. Ademais dos nenos en escolas de inmersión lingüística, existen tamén adultos que aprenden a lingua como L2 e tenden a identificarse como *néo-locuteurs* (neofalantes). Do mesmo xeito, na Bretaña existen neofalantes de bretón, os *néo-bretonnants* (Hagège 1992; Jones 1995, 1998; Hornsby 2005, 2009a, 2009b, 2015). Na actualidade, estímase que hai entre 20.000 e 60.000 neofalantes, en comparación cos 250.000 falantes tradicionais de bretón (Hornsby 2009b). Os *néo-bretonnants* adquiriron a lingua como aprendices adultos ou nos últimos trinta anos tamén como alumnos nas escolas bilingües e de inmersión (Hornsby 2005).

Escocia, Gales e Irlanda son outras tres comunidades onde o sistema educativo cobrou unha importancia fundamental na revitalización do idioma, xa que na actualidade constitúen o medio primario de transmisión das linguas minori-

tarias. En Gales, a pesar de existir un número importante de falantes tradicionais de galés, houbo un incremento de falantes nos últimos anos debido a aqueles que o aprenderon no contexto educativo (Jones 2008; Morris 2013, 2014). En Irlanda, o número de falantes de irlandés está en declive na Gaeltacht (as comunidades tradicionais onde se fala o idioma), mais o número de neofalantes fóra da Gaeltacht vai en aumento (Walsh / O'Rourke 2014, O'Rourke / Walsh 2015). Nestas tres comunidades os neofalantes adquiren o idioma como L2 na educación, ou ben como materia académica ou no sistema educativo de inmersión lingüística. No caso do irlandés, O'Rourke e Walsh (2015) propoñen unha definición máis estrita dos neofalantes, onde son considerados «those individuals who acquired the language outside of the home and who report that they use Irish with fluency, regularity and commitment» (64). Deste xeito, non só aprenden o irlandés no contexto educativo, senón que o utilizan habitualmente e por decisión consciente. Como acontece cos neofalantes corsos, nestes tres contextos pode darse o caso de que algúns dos neofalantes teñan certa exposición temperá á lingua no fogar, por exemplo, por parte dun dos pais, aínda que esta situación non ten por que ser habitual. Outro contexto fóra do Reino Unido onde os programas educativos de inmersión lingüística xogaron un papel vital é o País Vasco. Os neofalantes de éuscaro, ou *euskaldunberriak*, constitúen unha proporción importante do total de falantes de éuscaro e son en parte responsables do aumento no número de euscarofalantes. Ortega *et al.* (2014) sinalan que en 2011 o 60% da poboación entre 16 e 24 anos de idade eran falantes de éuscaro e entre eles máis da metade eran neofalantes que aprenderon o idioma a través de programas de inmersión. Estes autores defínenos como aqueles que aprenderon a lingua por calquera outro medio que non sexa transmisión familiar.

En comunidades como Cataluña e Galicia, o grao de exposición á lingua minoritaria é moito maior. Pujolar / Puigdevall (2015) examinaron o fenómeno dos neofalantes en Cataluña. Consideran neofalantes de catalán aqueles individuos para os que o catalán non é a lingua do fogar, pero utilízanlo máis do 25% na súa vida diaria. Esta definición non só inclúe aprendices de catalán como L2, senón tamén bilingües que teñen como lingua inicial² o castelán, mais aprenderon catalán na escola ou no ambiente familiar (sen ser a través dos seus pais). Esta é

² Entendemos como «lingua inicial» a lingua que o falante bilingüe aprende no fogar e na que se comunica cos seus pais. Consideramos «lingua habitual» aquela que o falante utiliza predominantemente.

unha diferenza importante entre comunidades como Galicia ou Cataluña, onde hai unha gran proporción de neofalantes que son bilingües. Hai que salientar que, en Cataluña, o 41,6% dos falantes de catalán como lingua habitual teñen o castelán como lingua inicial (Pujolar / Puigdevall 2015), polo que os neofalantes, segundo o criterio destes autores, constitúen unha proporción importante do total de falantes de catalán, como no caso do éuscaro. Pujolar / Puigdevall (2015) propoñen distintas razóns ou etapas da vida en que estes falantes poden comezar a falar catalán. A primeira oportunidade de entrar en contacto co catalán fóra do fogar é a escola primaria. Neste contexto, preséntanse dous posibles escenarios: o primeiro, que os nenos aprendan catalán unicamente como lingua de instrución e daquela o seu uso ficaría limitado ás aula; o segundo, que o catalán sexa tamén a lingua dominante no patio de xogo, onde os nenos falan catalán cos compañeiros e profesores. Neste escenario, os nenos falarían catalán na escola e co grupo de iguais e castelán na casa. Outros posibles espazos de cambio son o comezo da educación secundaria e universitaria. A universidade está lixeiramente dominada por catalanfalantes, polo que existe a posibilidade de que se engadan neofalantes aos que xa adoptaran catalán anteriormente. Finalmente, outros posibles escenarios para o cambio son a incorporación ao mundo laboral, a relación de parella e a educación dos fillos.

2.2. Como podemos definir os neofalantes galegos?

A diferenza dalgunhas das comunidades descritas ata o momento, a ampla maioría de neofalantes galegos non son aprendices dunha L2, senón que son bilingües co castelán como lingua inicial cun maior ou menor dominio do galego. Isto é posible porque a maior parte da poboación galega é practicamente bilingüe e ten unha alta competencia tanto en castelán coma en galego. A alta competencia en galego non procede necesariamente da aprendizaxe escolar, senón que pode proceder da adquisición desta lingua no ambiente (Ramallo / O'Rourke 2014). Ramallo (2013) define o neofalante galego como «unha persoa que tivo o castelán como primeira lingua e como lingua familiar e que, nun momento da súa vida, o contacto co galego fai que desprace a súa lingua materna a un segundo plano e se transforme en falante (case) exclusivo de galego». Ademais, este desprazamento de lingua vén motivado por razóns ideolóxicas, políticas ou socioculturais.

Aínda que, normalmente, o movemento neofalante se asocia con falantes das cidades de clase media (O'Rourke / Ramallo 2013a), tamén existen neofalantes no contorno rural e de diferentes clases sociais. Ramallo (2013) sitúa a orixe deste grupo de falantes nos anos oitenta, tras a oficialización do idioma galego, o seu recoñecemento como símbolo da identidade de Galicia e o comezo do proceso de estandarización lingüística. Nese momento, a variedade estándar do galego pasou a incorporarse á Administración pública, aos medios de comunicación e á educación, o que lles facilitou o acceso ao galego a falantes non tradicionais.

Ramallo / O'Rourke (2014) propuxeron tamén unha clasificación alternativa menos restritiva que ten en conta falantes para os que o galego non é necesariamente a súa lingua predominante. Distinguiron distintos perfís de neofalantes galegos en función do seu uso do galego, dividíndoos en catro grupos. 1) O «neofalante esencial» é o que pasa a falar galego case de forma exclusiva. Este é o grupo ao que nos referimos no parágrafo anterior e co que se asocia xeralmente o termo «neofalante» en Galicia. 2) O «neofalante funcional» é aquel individuo que «utiliza el gallego en interacciones informales o en contextos institucionales en los que este es el idioma predominante» (100), pero tamén utiliza o castelán. 3) O «neofalante ocasional» é a persoa «que hace un uso limitado del gallego aprendido, generalmente como una práctica reactiva a los estímulos de la interacción» (100). Por último, 4) os «neofalantes potenciais» son aqueles falantes que teñen como lingua habitual o castelán, son «bilingües receptivos con una autopercepción de su capacidad para hablar gallego muy elevada» (100). Unha clasificación desta natureza pode resultar útil para examinar cuestións como o potencial dos falantes destes grupos para se converteren en neofalantes esenciais no futuro, ou como distintos grupos expresan a súa identidade a través do uso da linguaxe e dos contextos que escollen para usala. No entanto, unha clasificación deste tipo desatende outros aspectos esenciais para a definición convencional de neofalantes galegos: o desprazamento da lingua maioritaria e as causas que motivan o uso desta lingua.

Se nos centramos no «neofalante esencial» ou volvemos á definición de Ramallo (2013), podemos observar que é máis restritiva que as propostas nos outros contextos europeos, onde se consideran neofalantes persoas que aprenden a lingua minoritaria como L2, pero que non teñen por que usala predominantemente (Ramallo / O'Rourke 2014). É tamén unha definición máis restritiva que a usada

por Ortega *et al.* (2014, 2015) e Pujolar / Puigdevall (2015) para caracterizar os neofalantes de éuscaro e catalán. Non obstante, esta definición coincide co uso maioritario desta etiqueta no caso galego (Ramallo 2013, O'Rourke / Ramallo 2014). Por tanto, existen tres características que distinguen os neofalantes galegos dos doutras comunidades:

1. Experiencia temperá coa lingua minoritaria: aprenden galego de nenos, ben sexa a través da escola, dos medios, da familia non directa etc.
2. Prodúcese un cambio de lingua dominante: estes falantes pasan de ser dominantes en castelán (o castelán era a súa lingua habitual) a desprazar esta lingua parcial ou totalmente para falar galego (case) exclusivamente.
3. Motivacións para o cambio: este cambio ten lugar por motivacións ideolóxicas, políticas ou socioculturais. Normalmente estes falantes están comprometidos coa revitalización da lingua galega.

En canto ás cifras, non existen datos exactos do número de neofalantes galegos, mais podemos usar as enquisas do Instituto Galego de Estatística (IGE 2008 e 2013) como guía. As enquisas mostran que no ano 2008, 54.058 persoas con lingua inicial castelán cambiaron de lingua para falar só galego ou máis galego que castelán. Entre elas, 24.216 fixérono por decisión persoal (IGE 2008); neste grupo atoparíanse os neofalantes aos que nos referimos. Para poñer estas cifras en perspectiva, pódense comparar coas de galegofalantes e castelanfalantes. Deste xeito, se entendemos que esta cifra representa aos neofalantes, estes conforman arredor dun 2% da poboación castelanfalante (1.105.486) e un pouco menos do 2% da poboación galegofalante (1.466.915 persoas). A información relativa ao cambio de lingua non está dispoñible na enquisa do IGE do ano 2013 (IGE 2013). Se consideramos unha definición máis aberta que inclúa a todos os falantes con lingua inicial castelán e lingua habitual galego, sen ter en conta a decisión do cambio, a cifra ascende a 57.479, un 2,3% da poboación total galega de acordo coa enquisa de 2008 (IGE 2008), e un 2,4% da poboación total galega en 2013 (IGE 2013).

A pesar de que estas cifras indican que os neofalantes son unha proporción pequena da poboación total, teñen gran importancia desde o punto de vista social. Ramallo / O'Rourke (2015) propuxeron que o «neofalantismo» consti-

túe un movemento social, unha minoría activa. Definiron unha minoría activa como aqueles «individuals or groups who through their behaviour attempt to influence both the attitudes and practices of the majority and in doing so, bring about social» (151). En consecuencia, estes autores postulan que «becoming a new speaker thus requires innovative action through an appropriation of a new linguistic space as well as a commitment to the transformation of society from below» (153).

3. ESTUDOS DA PRODUCCIÓN E PERCEPCIÓN DA FALA DOS NEOFALANTES

Os neofalantes constitúen unha oportunidade única para contribuír ao coñecemento da aprendizaxe de linguas. Por unha banda, sabemos que a L1 (no caso de aprendices de L2) ou a lingua dominante (no caso dos bilingües) soen exercer unha grande influencia na produción da L2 ou lingua non dominante. É importante salientar que algúns sons da L2/lingua non dominante son máis difíciles de percibir que outros, especialmente se non existen na lingua inicial, e tenden a ser procesados a través desta lingua inicial, o que ten como consecuencia dificultades na pronuncia (produción da fala). Por outra banda, a investigación na área da sociofonética demostrou que os falantes utilizan variables fonéticas para marcar a súa identidade (Eckert 2000, 2008). Dado que os neofalantes adoitan adquirir a súa lingua minoritaria por razóns ideolóxicas, existe a posibilidade de que estes factores sociais tamén lles afecten á súa produción e á súa percepción da fala. Un dos interrogantes que xorde neste contexto é se a variedade da lingua minoritaria que empregan os neofalantes está caracterizada pola influencia da súa lingua inicial (e, se é así, en que medida) ou se poden mudar o seu acento.

3.1. Primeiras descrições das variedades dos neofalantes

A pesar da escaseza de estudos experimentais sobre a fala dos neofalantes, dispoñemos de datos procedentes dos estudos cualitativos. É frecuente que estas variedades ou acentos sexan descritas como artificiais. Por exemplo, Costa (2015: 127) sinala que os neofalantes «are often construed as speakers of “new languages”, “standard” or “artificial” languages that tend to index youth, urbanity, mo-

dernity and middle class membership». Nalgunhas comunidades os neofalantes falan a variedade considerada estándar. Por exemplo, Ortega *et al.* (2014) indican que o *euskara batua*, a variedade estándar creada nos anos 50 como unha nova forma lingüística composta por diferentes dialectos, é a variedade utilizada na Administración pública, nos medios e na educación e, en consecuencia, a variedade aprendida polos neofalantes. O mesmo sucede co *néo-breton*, a variedade considerada estándar e que se ensina na universidade e en escolas bilingües, polo que é a variedade que falan os *néo-bretonnants* (Hornsby 2005). É frecuente que o *euskara batua* sexa descrito como unha variedade «de libro de texto», «plástica» ou «artificial». Tamén o galego dos neofalantes en Galicia é as veces denominado «galego de libro», ou «galego da escola» e non é considerado unha variedade «auténtica». Moitas veces é sancionado e controlado, non só polos falantes tradicionais, senón especialmente polos propios neofalantes (O'Rourke / Ramallo 2013). Outra das características normalmente atribuídas ás variedades neofalantes é que carecen de trazos dialectais (Kabatek 2000, Frías-Conde 2006). Por exemplo, Frías-Conde (2006) refírese a esta variedade como «o idioma *neutro* dos neofalantes».

Destas descrições tamén se desprende que os neofalantes de linguas minoritarias tenden a utilizar a fonoloxía da lingua maioritaria (Hornsby 2015). O *néo-breton* está caracterizado por ter unha fonoloxía moi influenciada polo francés. Esta variedade foi descrita como intermedia entre o francés e o bretón, xa que non só a fonoloxía está influenciada polo francés, senón tamén a sintaxe, pero o seu léxico conta con poucas palabras francesas e moitas palabras formadas a partir de raíces celtas. Pola contra, o bretón tradicional, falado en contornos rurais por falantes maiores que o utilizan por ser a súa L1, ten pouca influencia do francés na sintaxe e na fonoloxía, pero o seu léxico está ateigado de palabras francesas, especialmente para conceptos modernos (Hornsby 2005). Aínda habendo unha distancia lingüística maior no caso do bretón e o francés, existen paralelismos entre *néo-breton* e variedades coma o *neo-provençal* na Provenza (Blanchet 1999, apud Costa 2015) e o Novo Galego Urbano en Galicia (Kabatek 1997, 2000; Regueira 1999; Dubert 2002; González González 2008), tamén caracterizado por unha fonoloxía e sintaxe influenciadas polo castelán e léxico galego. O Novo Galego Urbano foi descrito como unha variedade emerxente empregada nas cidades por falantes novos que teñen o castelán como lingua inicial (Regueira

1999, Dubert 2002), aínda que González González (2008) e Ramallo (2010) suxiren que esta é a variedade utilizada polos neofalantes galegos (ver sección 3.3. para máis detalles).

Os neofalantes adoitan ser criticados por ter un acento influenciado pola súa lingua inicial (a maioritaria) cando empregan a súa lingua minoritaria, en moitos casos por discursos relacionados co purismo lingüístico, tanto no eido público como académico. No caso do irlandés, a variedade utilizada polos neofalantes, descrita como unha variedade con formas híbridas, foi tamén criticada por ser considerada deficiente (O'Rourke / Walsh 2015). Os neofalantes son ás veces instados a «mellorar» o seu acento: «Por exemplo, no caso do galego, tamén existen persoas que foron neofalantes hai corenta anos e que hoxe continúan a ter os mesmos trazos caracterizadores deste grupo (non distinguen as sete vogais, non pronuncian o <n> velar etc.)» (Freixeiro Mato 2014). Este tipo de afirmación leva implícita a aceptación de que os neofalantes, se así o desexan, teñen a capacidade de mudar o seu acento na nova lingua habitual, por exemplo modificar aspectos do seu repertorio fonético tales como as categorías vocálicas. En consecuencia, esta idea presupón que o sistema de produción da fala se mantén flexible e é susceptible de cambio no transcurso da vida.

3.2. A adquisición da lingua minoritaria como L2

Un dos aspectos sinalados polas descrições das variedades empregadas polos neofalantes é que tenden a estar influenciadas pola fonoloxía da súa lingua inicial. A idea de que a lingua inicial afecta como producimos e percibimos as seguintes linguas que adquirimos foi amplamente estudada no eido da aprendizaxe das linguas. A investigación neste ámbito amosou extensamente que os falantes que adquiren unha L2 máis tarde no seu desenvolvemento da linguaxe presentan dificultades ao adquirir os novos sons da L2 (Flege / Schirru / MacKay 2003, MacKay *et al.* 2001). Por outra banda, algúns estudos, aínda que moito menos numerosos, tamén propuxeron que a adquisición dun acento nativo nunha lingua aprendida de adulto é posible (Bongaerts *et al.* 1997, Bongaerts 1999) e que tanto a produción como a percepción poden ser melloradas co adestramento fonético (Bradlow *et al.* 1997, Iverson / Evans 2009). Con todo, aínda que se demostrou que os aprendices de L2 poden mellorar en tarefas como a identificación

de vogais, suxeriuse que non alteran as representacións das súas categorías subxacentes. Pola contra, tras o adestramento fonético, vólvense máis eficientes cando teñen que asignar as súas propias categorías da primeira lingua (L1) a aquelas da súa L2 (Iverson / Evans 2009).

Poucos son os estudos experimentais que examinaron a fala dos neofalantes en comunidades de linguas minoritarias onde estes son aprendices de L2 ou adquiren a lingua a través de programas de inmersión lingüística. Nance (2013, 2015) analizou a variación fonética na fala dos neofalantes de gaélico escocés, unha lingua céltica falada en Escocia. Neste estudo, a autora centrouse nun grupo de neofalantes novos (13-14 anos de idade) da cidade de Glasgow, que asistían a institutos de inmersión en gaélico (*Gaelic-medium schools*), onde se impartían a metade das clases en inglés e a metade en gaélico. Comparou este grupo con dous grupos da Illa de Lewis, a zona coa concentración máis densa de falantes de gaélico (o 60% da poboación di ter algún coñecemento de gaélico): un grupo de falantes novos que estudaban no instituto de inmersión en gaélico de Lewis e un grupo de falantes tradicionais maiores. O grupo de falantes novos de Lewis tamén recibían a metade das clases en gaélico e a metade en inglés no instituto, e tres deles falaban gaélico na casa cun dos seus pais.

As variables analizadas foron a realización da vogal /u/, a produción do sistema de laterais e a entoación. A vogal /u/ é realizada como vogal pechada central [ɯ] en contextos fonéticos non velarizados en gaélico. No inglés falado en Escocia esta vogal é central ou anterior, aínda que con frecuencia é realizada como posterior na fala da xente nova de Glasgow. Os resultados mostraron que os neofalantes de Glasgow producían unha [ɯ] máis posterior que os falantes maiores de Lewis, mentres que os neofalantes de Lewis estaban a medio camiño entre estes dous grupos. En canto ás outras dúas variables, as consoantes laterais e a entoación foron seleccionadas por ser diferentes en gaélico e en inglés. O gaélico ten tres fonemas laterais: velarizado /l̠/, alveolar /l/ e palatalizado /lʲ/, mentres que no inglés hai un só fonema lateral; no inglés de Glasgow é producido como velarizado e no de Lewis con pouca ou ningunha velarización. Os resultados indican que os neofalantes de Glasgow teñen realizacións máis posteriores das laterais alveolares e palatalizadas en gaélico que tanto os neofalantes como os falantes tradicionais de Lewis. Por último, no que atinxe á entoación, os resultados mostraron que os falantes novos de Glasgow producen máis un tipo de padrón

de entoación (entoación ascendente) que os dous grupos de Lewis. Este estudo suxire que os neofalantes de gaélico teñen un acento diferente ao dos falantes tradicionais, tanto a nivel fonético coma fonolóxico e que a súa L1 inflúe na produción da súa L2. Por outra banda, a exposición á lingua é tamén unha variable decisiva, xa que algúns aspectos do acento dos neofalantes de Glasgow difiren do acento dos neofalantes de Lewis.

Existen tamén estudos de produción da fala de bilingües en sistemas educativos de inmersión³ na comunidade de Gales. Morris (2013) examinou a variación na realización das consoantes líquidas /l/ e /r/ na fala en galés e inglés de bilingües en escolas de inmersión no norte de Gales. A realización do fonema rótico /r/ en galés e no inglés de Gales é diferente, xa que en galés se pronuncia este fonema en posición posvocálica (si é realizado), pero non no inglés falado en Gales. Os resultados dunha análise auditiva indicaron que, na maioría dos casos, o /r/ era realizado nesta posición en galés, mais a produción estaba influenciada pola lingua inicial dos bilingües: aqueles bilingües que tiñan o galés como lingua do fogar eran máis propensos a realizar o /r/ que os que tiñan o inglés como lingua do fogar. No que atinxe á aproximante lateral alveolar sonora /l/, tanto as variedades de galés do norte como as de inglés galés (inglés falado en Gales) utilizan un /l/ velarizado. Neste caso unha análise acústica mostrou que, independentemente da lingua do fogar, estes falantes producían o mesmo /l/ velarizado en inglés e en galés. Por unha banda, esta investigación indica que existe unha influencia da lingua inicial na produción da /r/ posvocálica, xa que esta difire dependendo do idioma. Porén, no segundo caso, dado que o /l/ velarizado é o mesmo para ambos os idiomas, non esperamos diferenzas canto a lingua inicial.

Noutro estudo sobre bilingües en galés e inglés, Mayr *et al.* (2015) investigaron os efectos da experiencia lingüística na produción de vogais en ambas as linguas. Compararon dous grupos de bilingües (un con galés e o outro con inglés como lingua do fogar) cun grupo de monolingües en inglés. Os resultados indicaron que os tres grupos non se diferenciaban na produción das vogais en galés, mais coma no caso do /l/ velarizado, as once vogais galesas examinadas tiñan unha vogal semellante correspondente en inglés. Desde o punto de vista da aprendizaxe, resulta máis sinxelo adquirir unha variable que xa existe na L1/lin-

³ Tanto no estudo de Morris coma no de Mayr *et al.* (2015) os bilingües non son descritos como neofalantes, mais encaixan nas definicións de neofalantes feitas na sección previa.

gua dominante que cando existen dúas categorías na L2/lingua non dominante, e só unha na L1/lingua dominante. As teorías de percepción da fala de L2s propuxeron que certos contrastes fonéticos son máis difíciles de percibir que outros e isto leva a dificultades na produción (cf. Flege 1992, 1995; Best 1993, 1994)

3.3. Efectos do dominio lingüístico na produción e na percepción da fala dos bilingües

Como mencionamos anteriormente, a pesar de ser un grupo diverso, a maioría dos neofalantes galegos non son aprendices de L2, senón que son xeralmente bilingües e cambian o dominio da súa lingua dominante (o castelán) á súa lingua non dominante (o galego). Ademais, teñen unha elevada competencia en galego e utilízano desde unha idade temperá, por exemplo na escola. Os estudos da produción e percepción da fala dos bilingües son numerosos. A maior parte da investigación levada a cabo nesta área centrouse principalmente en examinar os efectos cognitivos de aprender dúas linguas de forma simultánea desde o nacemento. Gran parte deste traballo investigou como estes bilingües simultáneos, con competencia semellante en ambas linguas, se diferencian dos monolingües no seu procesamento da fala e en como procesan ambas linguas (Grosjean 1982, 1999; MacLeod / Stoel-Gammon 2005), ou mesmo cales son as vantaxes cognitivas do bilingüismo (Bialystok / Craik / Luk 2012; Costa *et al.* 2009). Demostrouse que os bilingües simultáneos adquiren un acento «nativo» en ambas as linguas, semellante ao dos falantes monolingües de cada unha das linguas. Por exemplo, Sundara / Polka / Baum (2006) investigaron a produción das oclusivas coronais por parte de bilingües simultáneos e falantes monolingües de inglés canadense e francés canadense. Os resultados demostraron que os bilingües producían valores de /t/ e /d/ específicos para cada unha das linguas e semellantes aos dos monolingües en cadansúa lingua. Isto indica que os bilingües simultáneos son quen de producir diferenzas específicas a cada lingua, en lugar de depender dunha única categoría fusionada cun valor intermedio entre ambas as linguas.

A investigación sobre o bilingüismo tamén examinou como os bilingües dominantes (aqueles que teñen maior dominio e competencia nunha das dúas linguas) procesan a linguaxe (Antoniou / Tyler / Best 2012). A diferenza dos bilingües simultáneos, tense suxerido que os bilingües dominantes non teñen un

acento semellante aos falantes monolingües de cada unha das linguas nas súas dúas linguas; pola contra, demostrouse que adquirir contrastes fonéticos na súa lingua non dominante resúltalles complicado (Bosch / Costa / Sebastián-Gallés 2000; Pallier / Bosch / Sebastián-Gallés 1997; Sebastián-Gallés / Echeverría / Bosch 2005). Por exemplo, Sebastián-Gallés / Soto-Faraco (1999) examinaron bilingües catalán-español con dominio en español e competencia moi elevada en catalán na súa percepción de catro contrastes fonéticos que existen en catalán, pero non en español (/e/-/ɛ/, /ɔ/-/o/, /ʃ/-/z/, /s/-/z/). Os resultados mostraron que os bilingües con dominio en español realizaron peor a tarefa que os bilingües con dominio en catalán. Noutro estudo, Simonet (2011) examinou a produción dun destes contrastes cataláns, as vogais medias posteriores /ɔ/-/o/ producidas por estes dous mesmos grupos de bilingües, esta vez residentes na illa de Mallorca. Mentres que os bilingües con dominio en catalán producían un contraste entre a vogal medio aberta /ɔ/ e a medio pechada /o/, os bilingües con dominio en castelán non posuían este contraste na súa fala e producían unha soa vogal media posterior fusionada.

Noutra serie de estudos, Amengual (2014, 2015) tamén mostrou que a lingua dominante dos bilingües en Mallorca afecta a súa produción e percepción das vogais medias catalás, mais os resultados de produción difiren nalgúns aspectos coas investigacións anteriores. Na percepción da fala, os bilingües con dominio en castelán tiveron máis dificultades en canto á discriminación das vogais que os bilingües con dominio en catalán. Na produción, os bilingües con dominio en castelán mantiveron un contraste entre as vogais medias anteriores e posteriores. Unha análise máis pormenorizada das diferenzas individuais neste grupo mostrou un efecto gradual do nivel de dominio na produción das vogais medias. A experiencia lingüística predixo o grao de contraste das vogais para os falantes con dominio en castelán.

O uso da lingua nas comunidades de linguas minoritarias é posiblemente aínda máis complexo pola influencia das actitudes dos falantes cara ás linguas que poden escoller. Dado que os neofalantes adquiren a lingua minoritaria normalmente por razóns identitarias, é probable que a súa fala non se poida explicar unicamente en termos de aprendizaxe de linguas, senón que é preciso ter en conta a posible influencia de factores sociais complexos como a identidade. A investigación en sociofonética mostrou que estes factores sociais complexos afectan

o uso de variables fonéticas na mesma lingua (Eckert 2000, Foulkes / Docherty 2006) e que os falantes ás veces mudan as variables fonéticas que usan para mostrar que pertencen ou que se identifican cun grupo en particular (Evans / Iverson 2004, 2007). Por exemplo, Evans / Iverson (2007) mostraron que estudantes que se mudaban dunha comunidade pequena nas Midlands, no centro de Inglaterra, para cursar estudos universitarios noutras partes de Inglaterra onde entrarían en contacto coa variedade estándar, mudaban a súa produción de certas variantes fonéticas para encaixar mellor na nova comunidade multidialectal, pero retiñan outras variantes para mostrar pertenza á súa comunidade de orixe. Porén, a pesar de mudar a produción de certas categorías vocálicas, non utilizaban categorías exactamente iguais ás dos falantes nativos do acento do sur.

3.4. Cambio de dominio cara á lingua minoritaria: os neofalantes galegos

Entre os neofalantes europeos, os galegos, que cambian de dominio para falar a súa lingua non dominante, e o fan por razóns ideolóxicas, políticas ou culturais, atópanse nunha posición única para examinar cuestións como a plasticidade na adquisición de categorías fonéticas ao longo da vida e a influencia destes factores sociais na produción e percepción da fala. Ata datas recentes, non existían estudos experimentais sobre o acento dos neofalantes, mais algúns autores coma González González (2008) ou Ramallo (2010) propuxeran que estes empregan a variedade denominada Novo Galego Urbano, proposta por Regueira (1999). Esta variedade, igual cá variedade urbana documentada na cidade de Vigo (cf. «galego urbano formal» en Vidal Figueroa 1997), foi descrita como un modelo lingüístico emerxente no ámbito urbano e caracterizada polo uso dunha fonoloxía castelá. A fonética e fonoloxía destas variedades normalmente están caracterizadas pola utilización de cinco vogais en posición tónica, en lugar de sete, non redución das vogais átonas finais, non distinción dos fonemas /s/-/ʃ/ e adiantamento da consoante nasal velar /ŋ/. En resumo, de acordo coas descrições destas variedades, a predición tanto para os bilingües con dominio en castelán como para os neofalantes é que empregarán unha variedade influenciada pola súa lingua inicial.

O primeiro estudo que investigou a produción e percepción do galego por bilingües con dominio en castelán foi publicado por Amengual / Chamorro (2015). A variables analizadas foron as vogais medias anteriores e posteriores en

posición tónica. O galego ten sete vogais nesta posición /i e ε a ə o u/, mentres que o castelán ten un sistema vocálico de cinco vogais /i e a o u/, polo que carece da distinción entre vogais medias abertas e pechadas, /ε/-/e/ e /ə/-/o/. Esta variable é unha das analizadas nos traballos de produción e percepción da fala por parte de bilingües cataláns (Sebastián-Gallés / Soto Faraco 1999, Simonet 2011, Amengual 2014, 2015). Tomando como base estes estudos, é posible que no caso do galego os bilingües con dominio en castelán se comporten de maneira semellante aos cataláns e teñan dificultades para producir e percibir estes contrastes vocálicos. Amengual / Chamorro (2015) compararon a fala dos bilingües con dominio en castelán con bilingües con dominio en galego nas cidades de Santiago de Compostela e Vigo. Os resultados de percepción mostraron que os castelanfalantes⁴ tiñan dificultades para identificar e discriminar as vogais medias, mentres que os galegofalantes tiñan unha percepción categórica robusta dos contrastes. Canto a produción, os castelanfalantes mostraron dificultades para manter dúas categorías fonéticas independentes, aínda que produciron vogais medias posteriores distintas en termos acústicos, mentres que o contraste das vogais anteriores estaba totalmente neutralizado. Os galegofalantes produciron categorías ben diferenciadas.

O estudo de Amengual e Chamorro examinou os efectos do dominio lingüístico na produción e percepción do galego, mais ningún estudo ata o momento investigou especificamente a fala dos neofalantes. Unha das preguntas que queda pendente de responder é se os neofalantes perciben e producen a fala como os bilingües con dominio en castelán, ou se o cambio de lingua dominante ou as motivacións que propiciaron este cambio terán unha influencia na súa fala. A nosa investigación (Tomé Lourido / Evans 2015) foi a primeira en examinar a produción e percepción da fala dun grupo de neofalantes galegos, en comparación a dous grupos de control, un de bilingües con dominio en galego e outro de bilingües con dominio en castelán. Quixemos establecer criterios específicos para controlar o mellor posible tanto a experiencia lingüística, en especial a lingua do fogar, como o uso da lingua. Deste xeito, os neofalantes deste estudo eran bilingües co castelán como lingua inicial e decidiron cambiar a súa lingua na adolescencia por razóns ideolóxicas ou culturais para pasar a falar galego (case)

⁴ Utilizaremos o termo «galegofalantes» para referirnos a bilingües con dominio en galego e «castelanfalantes» para aludir a bilingües con dominio en castelán

exclusivamente. Os participantes no grupo de castelanfalantes sempre falaron máis castelán e tiñan castelán como lingua do fogar e os do grupo de galego-falantes sempre falaron máis galego e tiñan galego como lingua do fogar. Esta clasificación é diferente do estudo anterior de bilingües en Galicia (Amengual 2015) onde a experiencia lingüística, a competencia lingüística, o uso da lingua e as actitudes cara á lingua foron combinadas nunha mesma medida de dominio lingüístico. Dado que o noso obxectivo era estudar en particular a fala dos neofalantes, precisabamos un método distinto.

O noso estudo examinou a produción e a percepción das vogais medias tónicas de 56 participantes nos tres grupos mencionados en Santiago de Compostela. Os participantes completaron unha serie de tarefas de produción, que incluían a lectura dunha listaxe de palabras e dun texto, e unha serie de tarefas de percepción, que incluían un experimento de identificación das vogais medias. Os resultados de produción, tras a análise das frecuencias dos dous primeiros formantes vocálicos, mostraron que as vogais medias dos neofalantes non eran como as dos galego-falantes, xa que mostraban unha distancia acústica menor entre as vogais medio abertas e medio pechadas. A produción dos neofalantes mostraba pequenas diferenzas coa dos castelanfalantes, quen neutralizaban este contraste vocálico (para máis detalles ver Tomé Lourido / Evans 2015). Estes datos indican que, polo menos, algún dos neofalantes mudou a súa produción das vogais medias, mais o contraste producido non se achega ao producido polos galego-falantes. Alén disto, existen moitas diferenzas individuais, o que suxire que este efecto require máis investigación.

En canto á percepción, os participantes completaron unha tarefa de identificación das vogais medias con pares mínimos e fala natural onde tiñan que escoller a imaxe correspondente á palabra escoitada. Os tres grupos foron quen de distinguir as vogais, mais os neofalantes (cun valor medio de 79% de palabras acertadas) obtiveron resultados semellantes aos dos castelanfalantes (75,8%) cando percibían este contraste, e ambos os grupos realizaron esta tarefa peor que os galego-falantes (91,7%). Unha posibilidade é que isto suceda porque os neofalantes procesan a súa nova lingua dominante, o galego, a través das categorías da súa lingua dominante inicial, o castelán. As teorías de percepción da fala de L2s, o *Perceptual Assimilation Model* (Best 1993, 1994) e o *Speech Learning Model* (Flege 1992, 1995), propuxeron que algúns contrastes fonéticos son máis difíciles de

percibir ca outros e isto leva a dificultades na produción. De acordo con estes modelos, a dificultade pode predicirse polas similitudes fonéticas da L1 e a L2. O contraste entre as vogais medias abertas e pechadas resulta complicado para os castelanfalantes e os neofalantes porque estas categorías non existen na súa lingua inicial. Por tanto, estas dificultades en percepción e as categorías intermedias en produción poden ser o resultado das limitacións na súa aprendizaxe da lingua non dominante como resultado da experiencia temperá co castelán.

Non obstante, estas categorías intermedias poden converterse en oportunidades para marcar a súa identidade, en particular a pertenza ao grupo dos neofalantes. En traballos anteriores, os neofalantes foron caracterizados como unha minoría activa comprometida coa lingua e co cambio na sociedade, polo que estas categorías se poden converter en marcadores fonéticos da súa nova identidade como membros da comunidade de neofalantes. Ramallo / O'Rourke (2014: 100) mencionan que «una característica que comparten muchos neohablantes es la combinación de elementos de ambas lenguas, a veces como mecanismo consciente de expresión identitaria». Explican neste contexto o paradigma da hibridación de Gugenberger (2013) que defende que os falantes utilizan a estratexia de empregar unha linguaxe híbrida para «situarse en los diferentes espacios lingüístico sociales, a través de la ruptura con las reglas de los sistemas lingüísticos de su repertorio y que actúa, a la vez, contra una ideología» (Ramallo / O'Rourke 2014: 100). Os neofalantes de irlandés constitúen outro exemplo para ilustrar esta idea. Segundo O'Rourke / Walsh (2015), estes neofalantes teñen unha relación complexa e ás veces contraditoria coa Gaeltacht, as áreas onde se fala tradicionalmente irlandés, e cos falantes nativos de irlandés. Por unha banda, a autenticidade asociada á fala nativa da Gaeltacht segue a estar presente nos discursos dos neofalantes, aínda que tamén hai un certo rexeitamento das ideoloxías tradicionais arredor do concepto de falante nativo e créanse novos espazos para recoñecer novos tipos de falantes. Un exemplo disto é a aparición de novas etiquetas para designar variedades empregadas polos neofalantes como irlandés dublinés (*Dublin Irish*) e incluso, ás veces, os neofalantes se mostran orgullosos das variedades híbridas, nun intento deliberado de diferenciación do ideal de falante nativo tradicional (O'Rourke / Walsh 2015).

Tal e como exemplificaron a investigación de Morris (2013) e Mayr *et al.* (2015) en Gales, cabe ter en conta que unha variable fonética non é, nin moito

menos, suficiente para caracterizar un acento. Futuras investigacións examinarán outras variables como as fricativas sibilantes /s/-/ʃ/, un contraste que non existe en castelán, ou as vogais átonas en posición final, «un dos trazos máis doadamente perceptibles do ‘accento’ galego, que distingue con claridade a fonética galega da do español» (Regueira 2012: 191). Tomé Lourido / Evans (en preparación) examinaron outras variables fonéticas utilizadas por estes tres grupos: neofalantes, galegofalantes e castelanfalantes. Unha delas foi as vogais átonas en posición final de palabra que en galego están elevadas e centralizadas (Molinos Castro 2002; Regueira 2007, 2010). Os resultados preliminares indicaron que neste caso os neofalantes producen as vogais átonas finais da mesma maneira que os galegofalantes: elevadas e centralizadas. A realización destas vogais por estes dous grupos é diferente á dos castelanfalantes que producen vogais menos reducidas. Estes resultados contribúen á idea de que os neofalantes poden estar utilizando unha variedade híbrida, a medio camiño entre os galegofalantes e castelanfalantes.

4. CONCLUSIÓN

O obxectivo deste artigo foi entender o fenómeno dos neofalantes galegos no contexto europeo, en particular no que atinxe á produción e á percepción da lingua. Os estudos de fonética e fonoloxía de comunidades de linguas minoritarias sinalan que os neofalantes están a desenvolver unha variedade nova, diferente da dos falantes tradicionais (Nance 2015). Os estudos sobre os neofalantes de galés mostraron diferenzas entre a produción dos neofalantes e os galesfalantes na variable fonética que difería entre o galés e o inglés (Morris 2013, Mayr *et al.* 2015). A maioría dos neofalantes galegos distínguense das outras comunidades por ser falantes bilingües con alta competencia en ambas as linguas e que cambian o dominio lingüístico para falar de forma exclusiva (ou case exclusiva) galego por motivos ideolóxicos. En comparación coa diversidade que caracteriza os neofalantes noutras comunidades europeas, esta definición dos neofalantes galegos permítenos analízalos, no contexto da investigación de linguas, como un grupo relativamente homoxéneo en canto a experiencia lingüística e a adquisición das linguas.

No noso traballo sobre a produción e a percepción da fala dos neofalantes galegos (Tomé Lourido / Evans 2015) mostramos que estes poden mudar certos

aspectos da súa produción, por exemplo producen vogais finais semellantes ás dos galegofalantes, mais estes cambios dependen da variable estudada. En canto ás vogais medias, os cambios en produción son moi pequenos, só producidos por parte dalgúns neofalantes, e bastante afastados da produción dos galegofalantes. É necesario entender cales son as diferenzas individuais que fan que algúns falantes poidan mudar aspectos do seu acento e outros non. Por unha banda, non está claro cales son os factores cognitivos que contribúen a que algúns individuos teñan maior capacidade para aprender linguas. Por outra banda, a pesar de que neste estudo intentamos controlar os factores ambientais, como a lingua do fogar, existen outros factores deste tipo que poden afectar os resultados. Algúns exemplos poden ser as linguas faladas no ambiente social na infancia e o modelo de lingua aprendido na casa (pais castelanfalantes, que cambiaron do galego ao castelán ou que só falan castelán cos fillos) e na escola (profesores neofalantes, galegofalantes ou castelanfalantes), tanto en castelán como en galego (Ramallo 2010, 2012, 2013).

No que atinxe á percepción, tanto os neofalantes como os castelanfalantes foron capaces de percibir este contraste vocálico, mais ambos os grupos presentaron as mesmas dificultades e non foron capaces de distinguir estas vogais ao nivel dos galegofalantes. Por tanto, estes datos mostran que para os neofalantes, a percepción da fala das vogais medias non mudou. A pesar da experiencia temperá co galego e o contexto bilingüe, os neofalantes parecen procesar o galego a través das súas categorías castelás. Semella que o sistema de percepción é aínda menos flexible que o de produción, xa que as categorías subxacentes son probablemente moi difíciles de mudar. Unha posibilidade é que cando se adquire un novo son, os falantes melloran a súa habilidade para relacionar estas novas categorías coas categorías existentes na súa lingua inicial, en lugar de crear categorías novas (Iverson / Evans 2009).

Para comparar os resultados de estudos de produción e percepción da fala de bilingües, cabe ter en conta as diferenzas nos criterios de clasificación dos grupos e o tipo de tarefa escollida para o experimento. Por exemplo, o noso estudo (Tomé Lourido / Evans 2015) e os de Amengual (2014) e Amengual / Chamorro (2015) utilizaron diferentes criterios. Outro factor que pode explicar a variabilidade nos resultados é o tipo de tarefa seleccionada, por exemplo nomear obxectos que aparecen na pantalla, ler unha listaxe de palabras, ler un texto ou responder preguntas nunha entrevista. É posible que aos falantes lles resulte máis sinxelo

producir un contraste entre as vogais medias cando están lendo palabras illadas ou nunha frase portadora en comparación coa lectura dun texto ou coa produción de fala espontánea. Nunha tarefa como a lectura dunha listaxe de palabras, os falantes prestan máxima atención á fala que están a producir (Labov 1966), polo que é posible que, se algúns dos neofalantes son capaces de distinguir este contraste neste contexto ou incluso lendo un texto, isto lles resulte máis difícil na fala espontánea, onde as demandas cognitivas son máis elevadas.

En resumo, investigar a produción e a percepción da fala dos neofalantes é nalgúns aspectos todo un reto, xa que se trata de poboacións diversas e complexas. Porén, constitúen unha oportunidade única para entender se é posible adquirir novos sons no transcurso da vida. A maioría dos resultados dos estudos analizados neste artigo suxiren que cando se trata de adquirir sons novos que non existen na L1 ou lingua dominante, existen límites en canto á flexibilidade do sistema de produción e da percepción da fala. En consecuencia, semella que mudar certos aspectos do seu acento pode resultar moi complicado para os neofalantes e a súa variedade está caracterizada polos efectos do cambio de lingua dominante, aínda que existen diferenzas individuais. Estas limitacións na aprendizaxe, pola contra, poden funcionar como oportunidades para marcar a súa identidade como neofalantes.

AGRADECEMENTOS

A redacción deste artigo viuse favorecida pola colaboración con membros da rede COST Action IS1306 New Speakers in a Multilingual Europe: Opportunities and Challenges.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMENGUAL, Mark (2014): «The perception and production of language-specific mid-vowel contrasts: Shifting the focus to the bilingual individual in early language input conditions», *International Journal of Bilingualism*. <<http://dx.doi.org/10.1177/1367006914544988>>.
- AMENGUAL, Mark (2015): «The perception of language-specific phonetic categories does not guarantee accurate phonological representations in the lexicon of early bilinguals», *Applied Psycholinguistics*, 1-31. <<http://dx.doi.org/10.1017/S0142716415000557>>.
- AMENGUAL, Mark / Pilar CHAMORRO (2015): «The effects of language dominance in the perception and production of the Galician mid vowel contrasts», *Phonetica* 72, (4), 207-236. <<http://dx.doi.org/10.1159/000439406>>.

- ANTONIOU, Mark / Michael D. TYLER / Catherine T. BEST (2012): «Two ways to listen: Do L2-dominant bilinguals perceive stop voicing according to language mode?», *Journal of Phonetics* 40, (4), 582-594. <<http://dx.doi.org/10.1016/j.wocn.2012.05.005>>.
- BEST, Catherine T. (1993): «Emergence of language-specific constraints in perception of nonnative speech: A window on early phonological development», en Bénédicte de Boysson-Bardies / Scania de Schonen / Peter Jusczyk / Peter McNeilage / John Morton (eds.), *Development neurocognition: Speech and face processing in the first year of life*. Dordrecht, The Netherlands: Kluwer, 289-304.
- BEST, Catherine T. (1994): «The emergence of native-language phonological influence in infants: A perceptual assimilation model», en Judith C. Goodman / Howard C. Nusbaum (eds.), *The development of speech perception: The transition from speech sounds to spoken words*. Cambridge, MA: MIT Press, 167-224.
- BIALYSTOK, Ellen / Fergus I. M. CRAIK / Gigi LUK (2012): «Bilingualism: Consequences for mind and brain», *Trends in Cognitive Sciences* 16, (4), 240-250. <<http://dx.doi.org/10.1016/j.tics.2012.03.001>>.
- BLANCHET, Philippe (1999): *Parlons provençal*. Paris: L'Harmattan.
- BONGAERTS, Theo / Chantal VAN SUMMEREN / Brigitte PLANKEN / Erik SCHILS (1997): «Age and ultimate attainment in the pronunciation of a foreign language», *Studies in Second Language Acquisition* 19, 447-465. <<http://dx.doi.org/10.1017/s0272263197004026>>.
- BONGAERTS, Theo (1999): «Ultimate attainment in L2 pronunciation: The case of very advanced late L2 learners», en David Birdsong (ed.), *Second language acquisition and the Critical Period Hypothesis*. Mahwah, NJ: Lawrence Erlbaum Associates, 133-159.
- BOSCH, Laura / Albert COSTA / Núria SEBASTIÁN-GALLÉS (2000): «First and second language vowel perception in early bilinguals», *European Journal of Cognitive Psychology* 12, (2), 189-222. <<https://doi.org/10.1080/09541446.2000.10590222>>.
- BRADLOW, Anne R. / Reiko AKAHANE-YAMADA / David B. PISONI / Yoh'ichi TOHKURA (1997): «Training Japanese listeners to identify English /r/ and /l/: IV. Some effects of perceptual learning on speech production», *Journal of the Acoustical Society of America* 101, 2299-2310. <<http://dx.doi.org/10.3758/bf03206911>>.
- COSTA, Albert / Mireia HERNÁNDEZ / Jordi COSTA-FAIDELLA / Núria SEBASTIÁN-GALLÉS (2009): «On the bilingual advantage in conflict processing: Now you see it, now you don't», *Cognition* 113, (2), 135-149. <<http://dx.doi.org/10.1016/j.cognition.2009.08.001>>.
- COSTA, James (2015): «New speakers, new language: on being a legitimate speaker of a minority language in Provence», *International Journal of the Sociology of Language*, 127-145. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0035](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0035)>.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (2002): «Os sociolectos galegos», *Cadernos de lingua* 24, 5-27.
- ECKERT, Penelope (2000): *Linguistic variation as social practice*. Oxford: Blackwell.
- ECKERT, Penelope (2008): Variation and the indexical field. *Journal of Sociolinguistics*, 12, (4), 453-476. <<http://doi.org/10.1111/j.1467-9841.2008.00374.x>>.
- EVANS, Bronwen G. / Paul IVERSON (2004): «Vowel normalization for accent: An investigation of best exemplar locations in northern and southern British English sentences», *Journal of the Acoustical Society of America* 115, (1), 352-361. <<http://dx.doi.org/10.1121/1.1635413>>.
- EVANS, Bronwen G. / Paul IVERSON (2007): «Plasticity in vowel perception and production: A study of accent change in young adults», *Journal of the Acoustical Society of America* 121, (6), 3814-3826. <<http://dx.doi.org/10.1121/1.2722209>>.
- FLEGE, James E. (1992): «Speech learning in a second language», en Charles A. Ferguson / Lise Menn / Carol Stoel-Gammon (eds.), *Phonological development: Models, research and implications*. Timonium, MD: York Press, 565-604

- FLEGE, James E. (1995): «Second-language speech learning: Theory, findings, and problems», en Winifred Strange (ed.), *Speech perception and linguistic experience: Issues in cross-language research*. Timonium, MD: York Press, 229-273.
- FLEGE, James E. / Murray J. MUNRO / Ian R. A. MACKay (1995): «Effects of age of second language learning on the production of English consonants», *Speech Communication* 16, (1), 1-26. <[http://dx.doi.org/10.1016/0167-6393\(94\)00044-b](http://dx.doi.org/10.1016/0167-6393(94)00044-b)>.
- FLEGE, James E. / Carlo SCHIRRU / Ian R. A. MACKay (2003): «Interaction between the native and second language phonetic subsystems», *Speech Communication* 40, (4), 467-491. <[http://dx.doi.org/10.1016/S0167-6393\(02\)00128-0](http://dx.doi.org/10.1016/S0167-6393(02)00128-0)>.
- FOULKES, Paul / Gerard DOCHERTY (2006): «The social life of phonetics and phonology», *Journal of Phonetics* 34, 409-438. <<http://dx.doi.org/10.1016/j.wocn.2005.08.002>>.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2014): «Lingua oral, calidade da lingua e futuro do galego», en Xosé Manuel Sánchez Rei (ed.), *Modelos de lingua e compromiso*. A Coruña: Baía Edicións, 13-84.
- FRÍAS-CONDE, Xabier (2006): «A normalización lingüística na Romanía: a normalización da lingua e normalización dos falantes (o caso dos neofalantes)», *Ianua. Revista Philologica Romanica* 6, 49-68.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (2008): «O novo galego urbano», en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei / Xosé Luís Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 363-374.
- GROSJEAN, François (1982): *Life with two languages: An introduction to bilingualism*. Cambridge, MA: Harvard University Press.
- GROSJEAN, François (1999): «Individual bilingualism», en Bernard Spolsky (ed.), *Concise encyclopedia of educational linguistics*. Oxford: Elsevier, 284-290.
- GUGENBERGER, Eva (2013): «O cambio de paradigma nos estudos sobre o contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibridade para a lingüística e a política de lingua en España», en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 19-47.
- HAGÈGE, Claude (1992): *Le souffle de la langue, voies et destins des parlers d'Europe*. Paris: Éditions Odile Jacob.
- HORNSBY, Michael (2005): «Néo-breton and questions of authenticity», *Estudios de Sociolingüística* 6, 191-218. <<http://dx.doi.org/10.1558/sols.v6i2.191>>.
- HORNSBY Michael (2009a): «The appearance of neo-speakers: Breton and Gaelic perspectives», *Lublin Studies in Celtic Linguistics: Perspectives on Celtic Languages*, 6, 199-294.
- HORNSBY, Michael (2009b): *Globalisation processes and minority languages: Linguistic hybridity in Brittany*. Southampton: University of Southampton. Doctoral thesis.
- HORNSBY Michael (2015): *Revitalizing minority languages: New speakers of Breton, Yiddish and Lemko*. Basingstoke, UK: Palgrave Macmillan.
- IGE [Instituto Galego de Estatística] (2008): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego 2008*. Santiago: Instituto Galego de Estatística.
- IGE [Instituto Galego de Estatística] (2013): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego 2013*. Santiago: Instituto Galego de Estatística.
- IVERSON, Paul / Patricia K. KÜHL / Reiko AKAHANE-YAMADA / Eugen DIESCH / Yoh'ich TOHKURA / Andreas KETTERMANN / Claudia SIEBERT (2003): «A perceptual interference account of acquisition difficulties for non-native phonemes», *Cognition* 87, 47-57. <[http://dx.doi.org/10.1016/S0010-0277\(02\)00198-1](http://dx.doi.org/10.1016/S0010-0277(02)00198-1)>.

- IVERSON, Paul / Bronwen G. EVANS (2009): «Learning English vowels with different first-language vowel systems II: Auditory training for native Spanish and German speakers», *The Journal of the Acoustical Society of America* 126, (2), 866–77. <<http://dx.doi.org/10.1121/1.3148196>>.
- JAFFE, Alexandra (2015): «Defining the new speaker: theoretical perspectives and learner trajectories», *International Journal of the Sociology of Language* 231, 21–44. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0030](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0030)>.
- JONES, Mari C. (1995): «At what price language maintenance? Standardization in Modern Breton», *French Studies* 49, (4), 424–438. <<https://doi.org/10.1093/fs/xlix.4.424>>.
- JONES, Mari C. (1998): «Death of a language, birth of an identity: Brittany and the Bretons», *Language Problems and Language Planning* 22, (2), 129–42. <<http://dx.doi.org/10.1075/lplp.22.2.02jon>>.
- JONES, Hywel M. (2008): «The changing social context of Welsh: A review of statistical trends», *International Journal of Bilingual Education and Bilingualism* 11, (5), 541–557. <<http://dx.doi.org/10.2167/beb419.0>>.
- KABATEK, Johannes (1997): «Strengthening identity: Differentiation and change in contemporary Galician», en Jenny Cheshire / Dieter Stein (eds.), *Taming the vernacular: From dialect to written standard language*. London: Longman, 185–199.
- KABATEK, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- LABOV, William (1966): *The social stratification of English in New York City*. Washington: Center for Applied Linguistics.
- MACKAY, Ian R. A. / James E. FLEGE / Thorsten PISKE / Carlo SCHIRRU (2001): «Category restructuring during second-language speech acquisition», *Journal of the Acoustical Society of America* 110, (1), 516–528. <<http://dx.doi.org/10.1121/1.1377287>>.
- MACLEOD, Andrea A. N. / Carol STOEL-GAMMON (2005): «Are bilinguals different? What VOT tells us about simultaneous bilinguals», *Journal of Multilingual Communication Disorders* 3, (2), 118–127. <<http://dx.doi.org/10.1080/14769670500066313>>.
- MACLEOD, Wilson / Bernadette O'ROURKE / Stuart DUNMORE (2014): «New Speakers” of Gaelic in Edinburgh and Glasgow. A report. <<http://www.soillse.ac.uk/wp-content/uploads/New-Speakers%E2%80%99-of-Gaelic-in-Edinburgh-and-Glasgow.pdf>>.
- MACLEOD, Wilson / Bernadette O'ROURKE (2015): «“New speakers” of Gaelic: Perceptions of linguistic authenticity and appropriateness», *Applied Linguistics Review* 6, (2), 151–172. <<http://dx.doi.org/10.1515/applirev-2015-0008>>.
- MAYR, Robert / Jonathan MORRIS / Ineke MENNEN / Daniel WILLIAMS (2015): «Disentangling the effects of long-term language contact and individual bilingualism: The case of monophthongs in Welsh and English», *International Journal of Bilingualism*. <<http://dx.doi.org/10.1177/1367006915614921>>.
- MOLINOS CASTRO, Rita (2002): «As vocais átonas finais en galego: estudio acústico», *Cadernos de Lingua* 24, 55–91.
- MORRIS, Jonathan (2013): *Sociolinguistic variation and regional minority language bilingualism: an investigation of Welsh-English bilinguals in North Wales*. Manchester: University of Manchester. Doctoral thesis.
- MORRIS, Jonathan (2014): «The influence of social factors on minority language engagement amongst young people: An investigation of Welsh-English bilinguals in North Wales», *International Journal of the Sociology of Language* 2014, (230), 65–89. <<http://dx.doi.org/10.1515/ijsl-2014-0027>>.
- NANCE, Claire (2013): *Phonetic variation, sound change, and identity in Scottish Gaelic*. Glasgow: University of Glasgow. Doctoral thesis.

- NANCE, Claire (2015): «“New” Scottish Gaelic speakers in Glasgow: A phonetic study of language revitalisation», *Language in Society* 44, (4), 553–579. <<http://dx.doi.org/10.1017/s0047404515000408>>.
- O’ROURKE, Bernadette / Fernando RAMALLO (2010): «Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: una comparación entre Irlanda y Galicia», *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General*, 1684-1700.
- O’ROURKE, Bernadette / Fernando RAMALLO (2013a): «Competing ideologies of linguistic authority amongst new speakers in contemporary Galicia», *Language in Society* 42, (03), 287-305. <[doi:10.1017/S0047404513000249](https://doi.org/10.1017/S0047404513000249)>.
- O’ROURKE, Bernadette / Fernando RAMALLO (2013b): «“A miña variedade é defectuosa”: a lexitimidade social das neofalas», *Estudios de Linguística Galega* 5, 89-103.
- O’ROURKE, Bernadette / Fernando RAMALLO. (2015): «Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician», *International Journal of the Sociology of Language*, 147–165. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0036](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0036)>.
- O’ROURKE, Bernadette / Joan PUJOLAR / Fernando RAMALLO (2015): «New speakers of minority languages: the challenging opportunity—Foreword», *International Journal of the Sociology of Language* 2015, (231), 1-20. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0029](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0029)>.
- O’ROURKE, Bernadette / John WALSH (2015): «New speakers of Irish: shifting boundaries across time and space», *International Journal of the Sociology of Language* 2015, (231), 63-83. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0032](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0032)>.
- Ó HLFERNÁIN, Tadhg (2015): «Sociolinguistic vitality of Manx after extreme language shift: authenticity without traditional native speakers», *International Journal of the Sociology of Language* 2015, (231), 45-62. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0031](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0031)>.
- ORTEGA, Ane / Estibaliz AMORRORTU / Jone GOIRIGOLZARRI / Jacqueline URLA / Belen URANGE (2014): «New Basque speakers: Linguistic identity and legitimacy», *Digithum* 16, 47-58.
- ORTEGA, Ane / Jacqueline URLA / Estibaliz AMORRORTU / Jone GOIRIGOLZARRI / Belen URANGE (2015): «Linguistic identity among new speakers of Basque», *International Journal of the Sociology of Language* 2015, (231), 85–105. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0033](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0033)>.
- PALLIER, Christophe / Laura BOSCH / Núria SEBASTIÁN-GALLÉS (1997): «A limit on behavioral plasticity in speech perception», *Cognition* 64, (3), B9-B17. <[http://dx.doi.org/10.1016/s0010-0277\(97\)00030-9](http://dx.doi.org/10.1016/s0010-0277(97)00030-9)>.
- PUJOLAR, Joan / Maite PUIGDEVAL (2015): «Linguistic mudes: how to become a new speaker in Catalonia», *International Journal of the Sociology of Language* 2015, (231), 167-187. <[doi:10.1515/ijsl-2014-0037](https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0037)>.
- RAMALLO, Fernando (2010): «Cara a unha tipoloxía dos falantes de galego», en Bieito Silva Valdivia / Xesús Rodríguez Rodríguez / Isabel Vaquero Quintela (eds.), *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 15-37.
- RAMALLO, Fernando (2012): «El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción», *Caplletra* 53, 167-191.
- RAMALLO, Fernando (2013): «Neofalantismo», en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 245-258.
- RAMALLO, Fernando / Bernadette O’Rourke (2014): «Perfiles de neohablantes de gallego», *Digithum* 16, 98-105.
- REGUEIRA, Xosé Luís (1999): «Estándar oral e variación social da lingua galega», en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, 855-875.

- REGUEIRA, Xosé Luís (2007): «Vocais finais en galego e portugués», en Helena González Fernández / María Xesús Lama López (eds.), *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Sada: Edicións do Castro, 859-875 (CD-ROM).
- REGUEIRA, Xosé Luís (2010): *Dicionario da pronuncia da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- REGUEIRA, Xosé Luís (2012): «Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual», *Estudos de Lingüística Galega* 4, 187-201.
- ROBERT, Elen (2009): «Accommodating “new” speakers? An attitudinal investigation of L2 speakers of Welsh in south-east Wales», *International Journal of the Sociology of Language* 2009, (195), 93–115. <<http://dx.doi.org/10.1515/ijsl.2009.007>>.
- SEBASTIÁN-GALLÉS, Núria / Salvador SOTO-FARACO (1999): «On-line processing of native and non-native phonemic contrasts in early bilinguals», *Cognition* 72, (2), 111-123. <[http://dx.doi.org/10.1016/s0010-0277\(99\)00024-4](http://dx.doi.org/10.1016/s0010-0277(99)00024-4)>.
- SEBASTIÁN-GALLÉS, Núria / Sagrario ECHEVERRÍA / Laura BOSCH (2005): «The influence of initial exposure on lexical representation: Comparing early and simultaneous bilinguals», *Journal of Memory and Language* 52, (2), 240-255. <<http://dx.doi.org/10.1016/j.jml.2004.11.001>>.
- SIMONET, Miquel (2011): «Production of a catalan-specific vowel contrast by early Spanish-Catalan bilinguals», *Phonetica*, 68, (1-2), 88-110. <<http://dx.doi.org/10.1159/000328847>>.
- SUNDARA, Megha / Linda POLKA / Shari BAUM (2006): «Production of coronal stops by simultaneous bilingual adults», *Bilingualism: Language and Cognition* 9, (1), 97-114. <<http://dx.doi.org/10.1017/s1366728905002403>>.
- TIMM, Lenora A. (2010²): «Language, culture and identity in Brittany: The sociolinguistic of Breton», en Martin J. Ball / Nicole Müller (eds.), *The Celtic languages*. Abingdon: Routledge, 712-752.
- TOMÉ LOURIDO, Gisela / Bronwen G. EVANS (2015): «Switching language dominance for ideological reasons: A study of Galician new speakers speech production and perception», *Discussant Session on Sociophonetics. Proceedings of the 18th International Congress of Phonetic Sciences (ICPhS)*. Glasgow: University of Glasgow.
- VIDAL FIGUEROA, Tiago (1997): «Estruturas fonéticas de tres dialectos de Vigo», *Verba* 24, 313-332.
- WALSH, John / Bernadette O’ROURKE (2014): «Becoming a new speaker of Irish: linguistic mudes throughout the life cycle», *Digithum* 16, 67-74.
- WOOLARD, Kathryn (2011): «Is there linguistic life after high school? Longitudinal changes in the bilingual repertoire in metropolitan Barcelona», *Language in Society* 40, (5), 617-48. <<http://dx.doi.org/10.1017/S0047404511000704>>.

